
Protocolo de Coordinación entre o Profesorado do Mestrado en Enxeñaría de Telecomunicación

REDACCIÓN

Coordinación do Mestrado e
Equipo directivo

APROBACIÓN

Comisión Académica de
Mestrado

VALIDACIÓN

Comisión de Calidade

Data: 26/10/2016

Data: 12/12/2016

Data: 16/12/2016

Sinaturas:

Histórico de evolucións

ÍNDICE	FECHA	REDACCIÓN	MOTIVO DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS
00	26/10/2016	Coordinación do MET e Equipo directivo	Creación do protocolo
01	12/12/2016	Comisión Académica de Mestrado	Introdución de modificacións e aprobación pola Comisión Académica de Mestrado
01	16/11/2016	Comisión de Calidade	Validación pola Comisión de Calidade

Índice

I OBXECTO	3
II REFERENCIAS.....	3
III PROTOCOLO	3

I OBXECTO

O obxecto deste documento é concretar o protocolo para facilitar a coordinación entre o profesorado que imparte docencia no Mestrado en Enxeñaría de Telecomunicación (MET).

II REFERENCIAS

- Cráterios e directrices para a Garantía de Calidade no EFES (ENQA-ANECA).
- Estatutos da Universidade de Vigo.
- Manual de Calidade da EET.
- Memoria de Verificación do Mestrado en Enxeñaría de Telecomunicación.
- Regulamento dos estudos oficiais de posgraio da Universidade de Vigo.
- Procedemento “Planificación e desenvolvemento da ensinanza” do SGIC da EET.
- Procedemento “Seguimento e mellora das titulacións” do SGIC da EET.
- Normativas de guías docentes:
 - o Elaboración, aprobación e publicación (Universidade de Vigo).
 - o Elaboración de guías docentes (EET).
- Normativa de coordinación no MET.

III PROTOCOLO

Un dos factores que inflúen na calidade da educación é o traballo colaborador e coordinado entre os membros do equipo docente. O Mestrado en Enxeñaría de Telecomunicación, para facilitar a coordinación entre o profesorado que imparte docencia no mesmo, establece unha planificación mínima de reunións de coordinación horizontal e vertical a realizar ao longo dun curso académico.

- **Coordinación vertical:** Enténdese por reunión de coordinación vertical a realizada entre a coordinación da titulación e todas as coordinacións de módulo e de especialidade.
- **Coordinación horizontal:** Enténdese por reunión de coordinación horizontal a realizada entre cada coordinación dun módulo ou especialidade e as coordinacións de todas as materias que engloba dito módulo ou especialidade.

Considérase que, como mínimo deben facerse as seguintes reunións ao longo do curso académico:

III. A. Reunións ao final de cada cuadrimestre:

1. Realizarase unha reunión vertical que contemplará os seguintes obxectivos, entre outros:
 - Analizar o transcurso do cuadrimestre: métodos empregados, cumprimento da planificación e resultados alcanzados nos distintos módulos/especialidades.
 - Coordinación da realización enquisas propias ao alumnado e profesorado ou análise de resultados das mesmas, de ser o caso.
2. Realizarase unha reunión horizontal, que contemplará os seguintes obxectivos, entre outros:

- Analizar o transcurso do cuadrimestre: métodos empregados, cumprimento da planificación e resultados alcanzados na avaliación continua e/ou exame final.
- Coordinación da realización enquisas propias ao alumnado e profesorado ou análise de resultados das mesmas, de ser o caso.

III. B. Reunións de finalización do curso:

1. Unha reunión vertical cos seguintes obxectivos, entre outros:

- Analizar o transcurso do curso: métodos empregados e resultados alcanzados. Análise por materia e módulo dos indicadores académicos (rendemento, éxito e avaliación).
- Análise das enquisas de opinión.
- Detección de puntos débiles e elaboración de propostas de mellora. Valorar a necesidade de realizar modificacións na organización académica, os sistemas de avaliación utilizados, o profesorado do mestrado, etc.
- Fixar os obxectivos para a seguinte edición do mestrado e as actividades para realizar que conformarán o plan de mellora.
- Definir as directrices para a elaboración dos informes de coordinación por módulo/especialidade, de ser o caso.

2. Unha reunión horizontal cos seguintes obxectivos, entre outros:

- Analizar o transcurso do curso: métodos empregados e resultados alcanzados. Análise por materia e módulo dos indicadores académicos (rendemento, éxito e avaliación).
- Análise das enquisas de opinión.
- Detección de puntos débiles e elaboración de propostas de mellora. Valorar a necesidade de realizar modificacións na organización académica, os sistemas de avaliación utilizados, o profesorado do mestrado, etc.

III. C. Reunións de organización do curso:

1. Unha reunión vertical cos seguintes obxectivos, entre outros:

- Definir as directrices para a elaboración das guías docentes.
- Definir as directrices para a elaboración dos cronogramas de puntuables por módulo/especialidade e cuadrimestre.

2. Unha reunión horizontal cos seguintes obxectivos, entre outros:

- Elaboración das guías docentes.
- Elaboración dos cronogramas de puntuables por módulo/especialidade e cuadrimestre.